




# "ESPIRAL CRECENTE"

**PROPOSTA DE PROXECTO PERMACULTURAL:**  
 Prácticas ecolóxicas e estilo de vida autosustentable nun entorno rural

Nesta proposta de **Proxecto Permacultural** trátase de desenvolver unha idea do que sería un **entorno sostible** nun **espazo rural**, baseándose de principio a fin na **ética e principios da permacultura** en cada un dos aspectos que interveñen na **sostibilidade**: **piar medioambiental, piar social e piar económico**.

## 1º Crear espazo (finca-entorno)



O proxecto consistirá, en primeiro lugar, en crear un espazo a pequena escala nunha finca privada na que, a través de boas prácticas, se respete e conserve o medio ambiente:

- uso sostible dos recursos naturais
- ciclos cerrados de auga, enerxía e residuos
- **bioconstrución**: materiais naturais, renovables, reciclados, biodegradables; enerxías renovables; instalacións biocompatibles; tecnoloxías apropiadas...
- **agricultura orgánica e ecolóxica**: conservación das sementes e especies autóctonas; rexeneración do solo e do entorno; cultivos eficientes e sustentables; alimentos sanos e produtos locais; soberanía agraria e alimentaria...
- **economía circular**: Reducir, Reutilizar, Reciclar, Reparar...

## 2º Formar comunidade (covivenda-barrio-vila-cidade)



Neste espazo formarase unha comunidade, partindo do "**grupo semente**" composto polxs socixs que habitarán na finca, pero tamén creando vínculos cxs veciñxs da vila, contacto con outras comunidades e ecoaldeas, chegando a crear unha interesante rede de coñecemento e ideoloxía común:

- **convivencia, autoxestión**, assembleas, reparto de tarefas...
- troco entre veciñxs, **rede de intercambios**, xuntanzas...
- **servicios á comunidade**, actividades ca escola da vila...
- **redes sociais** que permitan o contacto co exterior

## 3º Evolucionar e seguir medrando (de maneira sostible en cada un dos tres aspectos: medioambiental, social e económico)



Con todo isto, conseguir un desenvolvemento rural dentro do entorno máis próximo e servir como modelo para levar ás grandes cidades.

- **actividades económicas**: venda de excedentes, cursos...
- **actividades culturais e formativas**: charlas, assembleas, talleres...
- relacións cós distintos negocios da vila para a venda dos produtos: restaurantes, tendas locais...
- ecoturismo activo...




Con este proxecto preténdese que non quede só dentro do círculo pechado da comunidade propia dxs socixs, senón que poida abrir as súas portas ao público dende o seu momento inicial e ao longo de toda a súa vida útil: permitindo visitas á finca, impartindo charlas e cursos, voluntariados ó longo da construción do proxecto e nas diferentes actividades da comunidade...



Fonte: Elaboración propia.

Esto proporcionaría a oportunidade de intercambio de saberes e ideas ó por en contacto a xente de diferentes partes do mundo, traería movemento e xente nova á vila, e daríase así a coñecer o proxecto para que nun futuro, poida seguir funcionando e levando a cabo as súas actividades, conseguindo así a **autoxestión** e **autosuficiencia** buscadas.

Obxectivos do proxecto:

| <u>Fins medioambientais</u>  | <u>Fins sociais</u>   | <u>Fins económicos</u>  |
|--|---|---|
|   |    |    |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Respetar o medio ambiente e a contorna na que vivimos.</li> <li>• Rexeneración do solo e conservación de especies autóctonas.</li> <li>• Promover a <b>bioconstrución</b> e o uso de <b>enerxías renovables</b> e limpas.</li> <li>• Fomentar unha <b>agricultura orgánica, ecolóxica e rexenerativa</b>, con cultivos máis <b>eficientes e sustentables</b>.</li> <li>• Apoiar a <b>soberanía agraria e alimentaria</b>.</li> <li>• Reducir a <b>pegada ecolóxica</b> e valorar a <b>conexión coa Natureza</b>.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Promover un <b>cambio social</b>, respecto á concepción que temos de <b>vivenda</b>, así como a <b>forma de vida</b> e en <b>comunidade</b>.</li> <li>• Fomentar a <b>diversidade</b> cultural, económica, profesional, xeracional...</li> <li>• <b>Enriquecer a convivencia social e cubrir as carencias de servizos</b> que poidan existir tanto na comunidade como fóra dela.</li> <li>• Fomentar a <b>participación e a codesión</b>.                     <ul style="list-style-type: none"> <li>• Crear sociedades máis <b>comunitarias, solidarias e autoxestionadas</b>.</li> </ul> </li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Levar a cabo unha <b>economía circular</b>.</li> <li>• <b>Reducir os custos globais de acceso á vivenda</b> e eliminar a <b>posibilidade de pobreza enerxética</b>, ofrecendo unha vivenda digna e asequible.</li> <li>• Posibilidade de crear novas e <b>diversas actividades económicas</b> dentro da comunidade, e <b>intercambios</b> cós veciños e negocios da vila.                     <ul style="list-style-type: none"> <li>• Eliminar os beneficios puramente especulativos e conseguir de forma preferente <b>financiación ética e solidaria</b> para levar a cabo as operacións.</li> </ul> </li> <li>• Conseguir a <b>autosuficiencia</b> e un <b>desenvolvemento rural</b>.</li> </ul> |